Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/12

DATA: xoves 27 de outubro de 2022

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:02 h

HORA DE REMATE: 22:15 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
FRANCISCO RUBIO VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).
doc. 455.952 exp. 2022/G010/000012

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

**PARTE RESOLUTIVA**

1. APROBACIÓN ACTA Nº 10/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 29/09/2022

2. AMPLIACIÓN DOS LÍMITES TEMPORAIS DO GASTO PLURIANUAL DERIVADO DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM

3. APROBACIÓN DO CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMOS

4. CE 02/2022. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2022

5. SC 03/2022. ACTUACIÓNS DIVERSAS RELATIVAS AOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 27ª: NOVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN RIANXEIRA DE EMPRESARIOS (ARE)

7. IRMANAMENTO ENTRE OS CONCELLOS DE RIANXO E A MUNICIPALIDADE DE BERNASCONI, LA PAMPA, ARGENTINA

8. PROPOSTA DE APOIO A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA

9. MOCIÓN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

10. MOCIÓN RELATIVA Á POSTA EN ALUGUEIRO DOS LOCAIS MUNICIPAIS BALEIROS

11. MOCIÓN RELATIVA A NOMEAR A D. XESÚS COSTA RODIL FILLO ADOPTIVO DE RIANXO

**PARTE DE CONTROL**

12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

13. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000012 e identificado pola pegada dixital:

**94190c5f6c8004932cb65dfa52d70a34feb7fd87ea62fa6e6b140551f77109d8**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=4S1xZGs77to**

ACORDOS

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

**PARTE RESOLUTIVA**

**1 APROBACIÓN ACTA Nº 10/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 29/09/2022**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 10/2022 de 29/10/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO**

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/10/2022, Acta nº 10/2022.

**SEGUNDO**

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**2 AMPLIACIÓN DOS LÍMITES TEMPORAIS DO GASTO PLURIANUAL DERIVADOS DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM**

Expte.: 2022/X998/000104

Polo Sr. Presidente dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

I. ANTECEDENTES

O 14/10/2022 emitín o informe de necesidade da modificación do contrato de redacción do PXOM, co fin de realizar os traballos de adaptación da documentación ás disposicións transitorias das Normas técnicas do planeamento urbanístico de Galicia.

A tal efecto, a empresa contratista, Oficina de Planeamento, SA, presentou unha proposta o 12/07/2022 cuantificada en 14.777,42 € máis IVE e para a que estima un prazo de execución de 2 meses.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

O contrato administrativo de redacción do PXOM fomalizouse o 19/01/2010 coa configuración de gasto plurianual, xa que a súa execución estendíase a varios exercicios orzamentarios. Actualmente, a base 28ª das Bases de Execución do Orzamento (BEO) prevé o seguinte:

> *2. Debido ao estado de tramitación do PXOM amplíase, con carácter excepcional, o vencemento deste gasto plurianual ata o 2023. Queda pendente unha única anualidade, correspondente á fase de aprobación definitiva do PXOM. Debido a que é materialmente imposible executala no 2021, reaxústase ao exercicio 2022:*

| ***Ano*** | ***Importe*** |
|---|---:|
| *2022* | *56.628,00* |
| ***Total*** | ***56.628,00*** |

Estímase que a duración do contrato estenderase ata o ano 2023.

## II. FUNDAMENTACIÓN

O artigo 174.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL) permite a adquisición de compromisos de gastos que sse estendan a exercicios posteriores en varios casos, entre eles: *b) os demais contratos e os de subministración, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, (...), que non poidan estipularse ou resulten antieconómicos por un ano.* Neste suposto inclúese o de redacción do PXOM, que pola súa complexidade non pode completase nun único exercicio.

Non obstante, o lexislador establece límites cuantitativos e temporais a este tipo de gastos, co fin de non comprometer indefinidamente os orzamentos de corporacións sucesivas. No suposto deste contrato, o límite establecido é unicamente temporal, de modo que os exercicios futuros nos que se execute orzamentariamente o seu gasto non poden ser máis que 4. Á vista do expediente, a duración real do contrato excedeu amplamente deste límite.

O artigo 84 do Real Decreto 500/1990, permite que *en casos excepcionais o Pleno da entidade poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes ás que se refire o artigo 82.* En base a este precepto o límite temporal foise ampliando periodicamente, fixándose na última ocasión no ano 2022, tal e como consta a base 28ª das BEO.

Á vista do estado de execución de contrato e da modificación proposta, é necesario ampliar novamente o límite de anualidades. A estes efectos, considero conveniente establecer o exercicio 2023 como novo límite, tendo en conta que o prazo previsto para a actualización dos traballos será de 2 meses.

O 17/10/2022, a Intervención emitiu unha dilixencia de informe favorable desta proposta.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

Á vista dos antecedentes, PROPOÑO

PRIMEIRO

Ampliar o límite temporal do gasto plurianual derivado do contrato de redacción do PXOM ata a anualidade 2023.

SEGUNDO

Darlle traslado deste acordo á persoa responsable do contrato e á Intervención Municipal, así como notificarllo á empresa contratista.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO**

Ampliar o límite temporal do gasto plurianual derivado do contrato de redacción do PXOM ata a anualidade 2023.

**SEGUNDO**

Darlle traslado deste acordo á persoa responsable do contrato e á Intervención Municipal, así como notificarllo á empresa contratista.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).
doc. 455.952 exp. 2022/G010/000012

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

## 3 APROBACIÓN DO CAMBIO DE FINALIDADE DE PRÉSTAMOS

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2022/X998/000105

No estado de execución do orzamento constan varios proxectos de gasto dos que os gastos non se executaron na súa totalidade.

| Cód. PXG | Denominación | Aplicación orzamentaria | Importe gastos | Axente | Concepto | Importe Ingresos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2012/2/09BIS/1 | Pavimentación na Rúa do Medio | 1532.61900 | 4,303.32 | BBVA | 80710 (91300) | 4,303.32 |
| 2012/2/3ABIS/1 | Peche lateral do Colexio de Asados | 320.62200 | 6,262.54 | BBVA | 80710 (91300) | 6,262.54 |
| 2016/2/19/1 | Mellora das escolas unitarias | 323.63200 | 2,513.87 | BBVA | 80710 (91300) | 2,513.87 |
| **Total** | | | | | | **13,079.73** |

As actuacións relacionadas financiáronse con endebedamento na súa totalidade, pero quedaron remanentes sen executar por diferentes motivos, como baixas de licitación.

Considérase oportuno aproveitar os ditos remanentes noutras actuacións que precisen financiamento, dentro do mesmo nivel de vinculación xurírica (NVX), debido ás restricións que impón a normativa en materia de facendas locais.

Dado que os préstamos aprobáronse para un fin concreto, o indicado na táboa anterior, debe tramitarse un expediente de cambio de finalidade que permita a utilización dos anteditos remanetes noutros investimentos:

| Cód. PXG | Denominación | Aplicación orzamentaria NVX | Importe gastos | Axente | Concepto | Importe Ingresos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2012/2/09BIS/1 | Investimentos en actuacións en materia de urbanismo, vivenda, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías púbilcas | 1532.61900 15/6 | 4,303.32 | BBVA | 80710 (91300) | 4,303.32 |
| 2012/2/3ABIS/1 | Investimentos en centros educativos | 320.62200 32/6 | 6,262.54 | BBVA | 80710 (91300) | 6,262.54 |
| 2016/2/19/1 | Investimentos en centros educativos | 323.63200 32/6 | 2,513.87 | BBVA | 80710 (91300) | 2,513.87 |
| **Total** | | | | | | **13,079.73** |

O 18/10/2022 a Intervención Municipal emitiu un informe sobre o procedemento aplicable coas seguintes conclusións:

*“**4. CONCLUSIÓNS***

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

*1. De acordo co apartado anterior, o procedemento de cambio de finalidade esixe a súa aprobación polo Pleno da Corporación co quórum de maioría absoluta. O acordo será inmediatamente executivo e implicará a modificación do anexo de investimentos, pudendo aplicarse gastos que se imputen no mesmo nivel de vinculación xurídica.*

*2. A proposta de acordo considérase suxeita a dereito."*

Á vista do exposto, PROPOÑO:

PRIMEIRO

Aprobar o cambio de finalidade dos préstamos vinculados aos seguintes proxectos de gasto de modo que queden como segue:

| Cód. PXG | Denominación | Aplicación orzamentaria NVX | Importe gastos | Axente | Concepto | Importe Ingresos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2012/2/09BIS/1 | Investimentos en actuacións en materia de urbanismo, vivenda, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías púbilcas | 1532.61900 15/6 | 4,303.32 | BBVA | 80710 (91300) | 4,303.32 |
| 2012/2/3ABIS/1 | Investimentos en centros educativos | 320.62200 32/6 | 6,262.54 | BBVA | 80710 (91300) | 6,262.54 |
| 2016/2/19/1 | Investimentos en centros educativos | 323.63200 32/6 | 2,513.87 | BBVA | 80710 (91300) | 2,513.87 |
| **Total** | | | | | | **13,079.73** |

Poderán imputarse a cada un dos proxectos actuacións que se imputen a calquera aplicación orzamentaria do nivel de vinculación xurídica que teñen asignado.

SEGUNDO

Aprobar as modificacións no anexo de investimentos vixente.

TERCEIRO

Dar conta deste acordo aos Departamentos de Tesourería e Intervención.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**PRIMEIRO**

Aprobar o cambio de finalidade dos préstamos vinculados aos seguintes proxectos de gasto de modo que queden como segue:

| Cód. PXG | Denominación | Aplicación orzamentaria NVX | Importe gastos | Axente | Concepto | Importe Ingresos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2012/2/09BIS/1 | Investimentos en actuacións en materia de urbanismo, vivenda, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías púbilcas | 1532.61900 15/6 | 4,303.32 | BBVA | 80710 (91300) | 4,303.32 |
| 2012/2/3ABIS/1 | Investimentos en centros educativos | 320.62200 32/6 | 6,262.54 | BBVA | 80710 (91300) | 6,262.54 |
| 2016/2/19/1 | Investimentos en centros educativos | 323.63200 32/6 | 2,513.87 | BBVA | 80710 (91300) | 2,513.87 |
| **Total** | | | | | | **13,079.73** |

Poderán imputarse a cada un dos proxectos actuacións que se imputen a calquera aplicación orzamentaria do nivel de vinculación xurídica que teñen asignado.

**SEGUNDO**

Aprobar as modificacións no anexo de investimentos vixente.

**TERCEIRO**

Dar conta deste acordo aos Departamentos de Tesourería e Intervención.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 4 CE 02/2022. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/2022

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo.**gal** concellod erianxo.**gal**

**Advertido un erro na proposta pola interventora municipal, nas partidas procedeuse a emendar a proposta corrixida no punto PRIMEIRO .../... Estado de gastos**

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda con 6 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo PSOE, 1 membro do grupo PP e 1 membro do grupo ciudadanos), cero votos en contra e unha abstención (de 1 membro do grupo Rianxo en Común) dos 7 membros presentes dos 9 que legalmente constitúen a Comisión Informativa, ditaminar FAVORABLEMENTE coa emenda sinalada ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO**

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario 2/2022, que afecta ás seguintes aplicacións de ingresos e gastos

**Estado de gastos**

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 21400 | Mantemento de elementos de transporte | 822,47 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 145,39 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 1,63 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22112 | Repostos de material eléctrico | 6,95 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22799 | Traballos doutras empresas | 180,00 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 21000 | Mantemento de infraestruturas ao uso xeral | 2.121,66 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 21200 | Mantemento de edificios e outras construcións | 36,30 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 379,43 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 60,12 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 135 | Protección Civil | 21400 | Mantemento de elementos de transporte | 447,55 |
| 135 | Protección Civil | 22103 | Combustibles | 205,35 |
| 135 | Protección Civil | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 34,02 |
| 135 | Protección Civil | 22199 | Outras subministracións | 304,63 |
| 160 | Saneamento | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 363,00 |
| 160 | Saneamento | 22100 | Enerxía eléctrica | 1.814,49 |
| 160 | Saneamento | 22101 | Auga | 149,70 |
| 160 | Saneamento | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 15,94 |
| 160 | Saneamento | 22199 | Outras subministracións | 10,70 |
| 161 | Abastecemento domiciliario de auga potable | 22101 | Auga | 371,42 |
| 161 | Abastecemento domiciliario de auga potable | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 89,71 |
| 163 | Limpeza viaria | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 242,92 |
| 163 | Limpeza viaria | 22700 | Limpeza e aseo | 3.648,33 |
| 164 | Cemiterios | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 408,09 |
| 164 | Cemiterios | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 97,69 |
| 164 | Cemiterios | 22199 | Outras subministracións | 24,35 |
| 165 | Alumeado público | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 1.864,26 |
| 231 | Servizos Sociais | 20300 | Alugamento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 427,13 |
| 231 | Servizos Sociais | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 98,91 |
| 231 | Servizos Sociais | 22300 | Transportes | 44,00 |
| 231 | Servizos Sociais | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 400,00 |
| 231 | Servizos Sociais | 22799 | Traballos doutras empresas | 375,10 |
| 323 | Ensino | 21200 | Mantemento de edificios e outras construcións | 98,54 |
| 323 | Ensino | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 33,88 |
| 323 | Ensino | 22100 | Enerxía eléctrica | 194,22 |
| 323 | Ensino | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 45,35 |
| 323 | Ensino | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 205,76 |
| 323 | Ensino | 22112 | Repostos de material eléctrico | 25,10 |
| 323 | Ensino | 22199 | Outras subministracións | 136,90 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 323 | Ensino | 22706 | Estudos e traballos técnicos | 1.960,20 |
| 333 | Equipamentos culturais | 20400 | Alugamento de elementos de transporte | 30,25 |
| 333 | Equipamentos culturais | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 731,44 |
| 333 | Equipamentos culturais | 22100 | Enerxía eléctrica | 328,04 |
| 333 | Equipamentos culturais | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 149,08 |
| 333 | Equipamentos culturais | 22199 | Outras subministracións | 71,40 |
| 333 | Equipamentos culturais | 22699 | Outros gastos | 251,78 |
| 333 | Equipamentos culturais | 22799 | Traballos doutras empresas | 520,00 |
| 334 | Promoción cultural | 20800 | Alugamento doutro inmobilizado | 786,50 |
| 334 | Promoción cultural | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 568,70 |
| 334 | Promoción cultural | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 171,06 |
| 334 | Promoción cultural | 22199 | Outras subministracións | 72,00 |
| 334 | Promoción cultural | 22602 | Publicidade | 3.448,50 |
| 334 | Promoción cultural | 22606 | Cursos, conferencias e seminarios | 1.500,00 |
| 334 | Promoción cultural | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 4.485,47 |
| 334 | Promoción cultural | 22799 | Traballos doutras empresas | 51.635,81 |
| 338 | Festexos | 20800 | Alugamento doutro inmobilizado | 3.751,00 |
| 338 | Festexos | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 1.020,94 |
| 338 | Festexos | 22199 | Outras subministracións | 66,09 |
| 338 | Festexos | 22602 | Publicidade | 9.614,42 |
| 338 | Festexos | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 7.214,00 |
| 338 | Festexos | 22799 | Traballos doutras empresas | 44.543,06 |
| 341 | Promoción do deporte | 21000 | Mantemento de infraestruturas ao uso xeral | 6.352,50 |
| 341 | Promoción do deporte | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 87,75 |
| 341 | Promoción do deporte | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 37,29 |
| 341 | Promoción do deporte | 22112 | Repostos de material eléctrico | 31,80 |
| 341 | Promoción do deporte | 22199 | Outras subministracións | 802,48 |
| 341 | Promoción do deporte | 22602 | Publicidade | 3.267,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 4.125,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22799 | Traballos doutras empresas | 1.836,50 |
| 342 | Instalacións deportivas | 21200 | Mantemento de edificios e outras construcións | 1.834,73 |
| 342 | Instalacións deportivas | 21300 | Mantemento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 4.686,57 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

**Rianxo**
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 342 | Instalacións deportivas | 22100 | Enerxía eléctrica | 477,26 |
| 342 | Instalacións deportivas | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 93,55 |
| 342 | Instalacións deportivas | 22112 | Repostos de material eléctrico | 289,40 |
| 342 | Instalacións deportivas | 22114 | Material de obra | 70,00 |
| 342 | Instalacións deportivas | 22199 | Outras subministracións | 102,55 |
| 342 | Instalacións deportivas | 63200 | Investimentos de mantemento e mellora de edificios e outras construcións | 544,50 |
| 432 | Turismo | 20800 | Alugamento doutro inmobilizado | 5.566,00 |
| 432 | Turismo | 22602 | Publicidade | 16.800,72 |
| 432 | Turismo | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 4.650,00 |
| 432 | Turismo | 22799 | Traballos doutras empresas | 1.185,80 |
| 454 | Camiños e pistas | 22114 | Material de obra | 572,21 |
| 454 | Camiños e pistas | 22799 | Traballos doutras empresas | 374,46 |
| 459 | Outras infraestruturas | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 54,71 |
| 459 | Outras infraestruturas | 22199 | Outras subministracións | 139,90 |
| 1621 | Recollida de RSU | 22110 | Produtos de limpeza e aseo | 17,77 |
| 1622 | Xestión de RSU | 22199 | Outras subministracións | 66,83 |
| 3321 | Biblioteca | 22199 | Outras subministracións | 19,20 |
| 3321 | Biblioteca | 62902 | Fondos bibliográficos | 1.163,36 |
| 4312 | Mercado municipal | 21200 | Mantemento de edificios e outras construcións | 240,50 |
| 9201 | Servizos Xerais | 22001 | Prensa, libros e revistas | 4.699,93 |
| 9201 | Servizos Xerais | 22112 | Repostos de material eléctrico | 11,60 |
| 9201 | Servizos Xerais | 22199 | Outras subministracións | 1,20 |
| 9201 | Servizos Xerais | 22200 | Telefónicas | 450,67 |
| 9203 | Brigada de Obras e Servizos | 21400 | Mantemento de elementos de transporte | 115,65 |
| 9203 | Brigada de Obras e Servizos | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 444,68 |
| **Total** | | | | **210.064,80** |

## Estado de ingresos

| Concepto de ingreso | Descrición | Importe |
|---|---|---|
| 87000 | Remanente de tesourería para gastos xerais | 210.064,80 |
| **Total** | | **210.064,80** |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concellodetrianxo**.gal**

**SEGUNDO**

Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario 2/2022 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de 15 días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

**TERCEIRO**

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

**CUARTO**

Darlle conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros do grupo PP e 1 do grupo ciudadanos), cero votos en contra e 2 abstencións (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

## 5 SC 03/2022. ACTUACIÓNS DIVERSAS RELATIVAS AOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS

A proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022 e **advertido un erro na proposta pola interventora municipal procedeuse a emendar a proposta e procedeuse a votación coa proposta emendada**

### DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal coa emenda sinalada o seguinte ACORDO:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).
doc. 455.952 exp. 2022/G010/000012

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

**PRIMEIRO**

Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de créditos 3/2022, que presenta o seguinte detalle:

**Estado de gastos**

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---:|
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 21200 | Mantemento de edificios e outras construcións | 360,00 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 21400 | Mantemento de elementos de transporte | 1.044,00 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22000 | Material de oficina non inventariable | 375,25 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22104 | Vestiario | 913,55 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 200,00 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 150,00 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 22799 | Outros traballos | 1.896,00 |
| 130 | Administración xeral da Área de Seguridade, Tráfico e Protección Civil | 62500 | Investiementos novos en mobiliario e equipos de oficina | 1.000,00 |
| 132 | Seguridade | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 1.600,00 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 21400 | Mantemento de elementos de transporte | 91,00 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 22000 | Material de oficina non inventariable | 376,00 |
| 133 | Tráfico e estacionamento | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 800,00 |
| 135 | Protección Civil | 21400 | Mantemento de elementos de transporte | 287,98 |
| 135 | Protección Civil | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 400,00 |
| 135 | Protección Civil | 22799 | Outros traballos | 800,00 |
| 165 | Alumeado público | 22706 | Estudos e traballos técnicos | 4.879,62 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 231 | Asistencia social | 22000 | Material de oficina non inventariable | 1.000,00 |
| 231 | Asistencia social | 22300 | Transportes | 44,00 |
| 231 | Asistencia social | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 18.689,60 |
| 231 | Asistencia social | 22799 | Outros traballos | 2.500,00 |
| 323 | Ensino | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 1.500,00 |
| 323 | Ensino | 22799 | Outros traballos | 8.611,41 |
| 323 | Ensino | 63200 | Investimentos de mellora en edificios e outras construcións | 3.239,82 |
| 333 | Equipamentos culturais | 22000 | Material de oficina non inventariable | 1.000,00 |
| 334 | Promoción cultural | 22300 | Transportes | 770,00 |
| 334 | Promoción cultural | 22602 | Publicidade | 3.305,70 |
| 334 | Promoción cultural | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 23.158,60 |
| 334 | Promoción cultural | 22799 | Outros traballos | 30.454,80 |
| 338 | Festexos | 20800 | Alugamento doutro inmobilizado | 1.500,00 |
| 338 | Festexos | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 7.500,00 |
| 338 | Festexos | 22799 | Outros traballos | 10.643,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 3.600,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22400 | Seguros | 650,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22602 | Publicidade | 9.000,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22609 | Actividades culturais e deportivas | 19.700,00 |
| 341 | Promoción do deporte | 22799 | Outros traballos | 4.050,00 |
| 342 | Instalacións deportivas | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 7.000,00 |
| 342 | Instalacións deportivas | 62200 | Investimentos novos en edificios e outras construcións | 5.500,00 |
| 432 | Promoción turística | 22602 | Publicidade | 4.000,00 |
| 432 | Promoción turística | 22799 | Outros traballos | 3.025,00 |
| 432 | Promoción turística | 62600 | Investimentos novos en equipos para procesos de información | 1.300,00 |
| 433 | Desenvolvemento empresarial | 48990 | Subvencións nominativas | 16.000,00 |
| 454 | Camiños veciñais | 22114 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 20.000,00 |
| 454 | Camiños veciñais | 22799 | Outros traballos | 300,00 |
| 912 | Órganos de goberno | 22601 | Atencións protocolarias | 90,00 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).
doc. 455.952 exp. 2022/G010/000012

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

| Prog | Descrición Prog | Econ | Descrición Econ | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 1621 | Recollida de RSU | 21900 | Mantemento doutro inmobilizado | 5.091,82 |
| 1622 | Xestión de RSU | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 2.153,00 |
| 1622 | Xestión de RSU | 22602 | Publicidade | 500,00 |
| 1622 | Xestión de RSU | 22606 | Cursos, seminarios e ponencias | 1.500,00 |
| 1722 | Medio Ambiente | 20300 | Alugamento de maquinaria, instalacións e utillaxe | 5.000,00 |
| 1722 | Medio Ambiente | 21000 | Mantemento de infraestruturas ao uso xeral | 10.000,00 |
| 1722 | Medio Ambiente | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 79,86 |
| 9201 | Servizos Xerais | 22199 | Mantemento doutro inmobilizado | 201,61 |
| 9201 | Servizos Xerais | 62600 | Investimentos novos en equipos para procesos de información | 500,00 |
| 9203 | Brigada de Obras e Servizos | 22111 | Repostos de maquinaria, instalacións e utillaxe | 6.000,00 |
| **Total** | | | | **254.331,62** |

Dado o carácter estimativo dos gastos das actuacións incluídas neste SC 03/2022, autorízase a que os excesos de gasto poidan compensarse coas economías xeradas noutras actuacións.

Esta compensación debe cumprir:

- Que os gastos se refiran a actuacións previstas no orzamento.
- Que os gastos compensados pertenzan ao mesmo nivel de vinculación xurídica.

**Estado de ingresos**

| Concepto de ingreso | Descrición | Importe |
|---|---|---|
| 87000 | Remanente de tesourería para gastos xerais | 254.331,62 |
| **Total** | | **254.331,62** |

**SEGUNDO**

Expoñer ao público o expediente de suplemento de créditos 2/2022 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de 15 días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

**TERCEIRO**

No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

**CUARTO**

Darlle conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros do grupo PP e 1 do grupo ciudadanos), cero votos en contra e 2 abstencións (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

## 6 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 27ª: NOVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN RIANXEIRA DE EMPRESARIOS (ARE)

Expte.: 2022/G014/000002

Dáse lectura da proposta presentada:

No suplemento de crédito 3/2022 incluíuse unha dotación orzamentaria de 16.000 € co fin de seguir promocionando o comercio local. Dado que no orzamento prorrogado non está prevista ningunha subvención para este fin para gastos de 2022, é preciso modificar simultaneamente as bases de execución co fin de incluíla

| | |
|---|---|
| **Entidade beneficiaria** | Asociación Rianxeira de Empresarios |
| **NIF** | G15260979 |
| **Obxecto da subvención** | Mantemento de mercarianxo.gal e outras actucacións de dinamización do comercio local |
| **Importe da subvención** | 16.000 € |
| **Gasto mínimo a xustificar** | 16.000 €. No caso de recibir outras subvencións, deberase xustificar como mínimo a suma de todas elas, incluída a municipal |
| **Aplicación orzamentaria** | 433.48990 |
| **Tipo de pagamento** | Despois da aprobación da conta xustificativa |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).



CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| | |
|---|---|
| **Prazo para a xustificación** | Ata o 10/12/2022 |
| **Compatibilidade con outras subvencións** | Si. Sempre que se xustifique con facturas un importe que sexa como mínimo da suma das subvencións recibidas |

En canto aos motivos que xustifican a previsión desta subvención como subvención directa, debe terse en conta que a ARE é a única asociación que está mantendo unha ferrramenta que permita o comercio electrónico e aberto a todos os establecementos comerciais e doutro tipo de Rianxo. Este é un motivo que dificulta a concorrencia pública, polo que queda xustificada a utilización da modalidade de concesión directa neste caso.

A regulación das subvencións nominativas figura na base de execución 27ª do Orzamento prorrogado. É preciso proceder á súa modificación do seu apartado IV) *Subvencións nominativas*, quedando o texto como segue e mantendo o resto de subvencións nominativas, que xa non se transcriben:

*"Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.*

*Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:*

| *PROGRAMA DE GASTO* | *CONCEPTO* | *DESCRICIÓN* | *NIF* | *FINALIDADE* | *CF* | *IMPORTE* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *(...)* | | | | | | |
| *433* | *48990* | *Promoción do comercio local* | *G15260979* | *Mantemento de mercarianxo.gal e outras actuacións de dinamización do comercio local* | *1* | *16.000* |
| *(...)* | | | | | | |

*(*) No caso de que existan remanentes no mesmo nivel de vinculación xurídica, poderase incrementar nese importe.*

*O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.*

*En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.*

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

*Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.”*

O 20/06/2022 a Intervención emitiu o seu informe á proposta:

“*Á vista do exposto, emito informe favorable á proposta, agás con respecto á falta dun plan extratéxico de subvención, que informo desfavorablemente. Por outra parte, é preciso levar a cabo as actuacións que materialicen a concorrencia competitiva como procedemento ordinario de concesión de subvencións.*

*A eficacia da aprobación definitiva deste expediente debe quedar condicionada á entrada en vigor do suplemento de crédito 3/2022 (SC 03/2022), que inclúe a dotación orzamentaria precisa para esta subvención nominativa.”*

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente a modificación do apartado IV) da base de execución 27ª do Orzamento prorrogado, quedando como segue:

(...)

*IV) Subvencións nominativas.-*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.*

*Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:*

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 135 | 48990 | Asociación Nacional da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil | G49147291 | Seguro de accidentes das persoas voluntarias de Protección Civil | 1 | 1.500,00 |
| 231 | 48990 | Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade | G70443247 | Atención ás persoas do Concello de Rianxo | 1 | 2.500,00 |
| 231 | 48900 | A Creba | G15476310 | Actividade xeral. A subvención calcularase en función das pesoas do Concello de Rianxo | 1 | 2.000,00 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | atendidas | | |
| 231 | 48900 | Solidariedade Galega co Pobo Saharaui | G15924558 | Vacacións en Paz | 1 | 1.500,00 |
| 323 | 48990 | Colexio Rural Agrupado | Q1500341A | Gastos de desprazamento en traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares) | 1 | 2.000,00 |
| 334 | 48990 | Fundación Rosalía de Castro | G15040850 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 338 | 48900 | Asociación Sociocultural A Moreniña | G15814361 | Organización das festas da Guadalupe (para os conceptos que figuren na solicitude) | 1 | 16.000 € |
| 341 | 48990 | Clube de Remo de Rianxo | G15087208 | Actividade xeral | 1 | 6.600,00 |
| 341 | 48990 | S.D. Araño | G15260425 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Náutico Rianxo | G15289499 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | CD Unión | G15391865 | Actividade xeral<br>Gastos correntes da participación na liga galega feminina (importes pendentes de distribución) | 1 | 7.100,00 |
| 341 | 48990 | CCD Taragoña | G15458417 | Actividade xeral | 1 | 2.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Piragüismo | G15692270 | Actividade xeral | 1 | 4.750,00 |
| 341 | 48990 | Barbanza Rugby Club | G15723521 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | PC Castro Barbudo | G15826027 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | Clube Voleibol Rianxo | G15891682 | Actividade xeral | 1 | 2.250,00 |
| 341 | 48990 | Escudería Rally actividad Competición | G15978273 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 341 | 48990 | Club Xadrez Rianxo | G70141536 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | International Itrekkers Barbanza Sar | G70389838 | Os 100 dos International Trekkers | 1 | 1,500.00 |
| 341 | 48990 | Club Baloncesto Rianxo | G70472527 | Actividade xeral | 1 | 1.250,00 |
| **Total** | | | | | | **58,250.00** |

*(*)*

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 135 | 48990 | Asociación Nacional da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil | G49147291 | Seguro de accidentes das persoas voluntarias de Protección Civil | 1 | 1.500,00 |
| 231 | 48990 | Asociación Barbancesa de Axuda | G70443247 | Atención ás persoas do Concello de Rianxo | 1 | 2.500,00 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | e Solidariedade | | | | |
| 231 | 48900 | A Creba | G15476310 | Actividade xeral. A subvención calcularase en función das pesoas do Concello de Rianxo atendidas | 1 | 2.000,00 |
| 231 | 48900 | Solidariedade Galega co Pobo Saharaui | G15924558 | Vacacións en Paz | 1 | 1.500,00 |
| 323 | 48990 | Colexio Rural Agrupado | Q1500341A | Gastos de desprazamento en traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares) | 1 | 2.000,00 |
| 334 | 48990 | Fundación Rosalía de Castro | G15040850 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 338 | 48900 | Asociación Sociocultural A Moreniña | G15814361 | Organización das festas da Guadalupe (para os conceptos que figuren na solicitude) | 1 | 16.000 € |
| 341 | 48990 | Clube de Remo de Rianxo | G15087208 | Actividade xeral | 1 | 6.600,00 |
| 341 | 48990 | S.D. Araño | G15260425 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Náutico Rianxo | G15289499 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | CD Unión | G15391865 | Actividade xeral<br>Gastos correntes da participación na liga galega feminina (importes pendentes de distribución) | 1 | 7.100,00 |
| 341 | 48990 | CCD Taragoña | G15458417 | Actividade xeral | 1 | 2.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Piragüismo | G15692270 | Actividade xeral | 1 | 4.750,00 |
| 341 | 48990 | Barbanza Rugby Club | G15723521 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | PC Castro Barbudo | G15826027 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | Clube Voleibol Rianxo | G15891682 | Actividade xeral | 1 | 2.250,00 |
| 341 | 48990 | Escudería Rally actividad Competición | G15978273 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 341 | 48990 | Club Xadrez Rianxo | G70141536 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | International Itrekkers Barbanza Sar | G70389838 | Os 100 dos International Trekkers | 1 | 1,500.00 |
| 341 | 48990 | Club Baloncesto Rianxo | G70472527 | Actividade xeral | 1 | 1.250,00 |
| *433* | *48990* | *Promoción do comercio local* | *G15260979* | *Mantemento de mercarianxo.gal e outras actuacións de dinamización do comercio local* | *1* | *16.000,00* |
| **Total** | | | | | | **74,250.00** |

*(*) No caso de que existan remanentes no mesmo nivel de vinculación xurídica, poderase incrementar nese importe.*

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

*O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.*

*En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.*

*Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.*

*En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.*

*Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.*

SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP. En todo caso, a exposición pública tamén se anunciará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

TERCEIRO

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial, este considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación do anuncio da aprobacion definitiva das bases de execución, de acordo co artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Non obstante, a eficacia da modificación queda condicionada á entrada en vigor do suplemento de crédito 03/2022, que inclúe a dotación orzamentaria para a axuda proposta.

CUARTO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para continuar coa tramitación do expediente e ao Departamento de Cultura, para o seu coñecemento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).



CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda con 5 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo PSOE e 1 membro do grupo PP), cero votos en contra e dúas abstencións (de 1 membro do grupo ciudadanos e 1 membro do grupo Rianxo en Común) dos 7 membros presentes dos 9 que legalmente constitúen a Comisión Informativa, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO**

Aprobar inicialmente a modificación do apartado IV) da base de execución 27ª do Orzamento prorrogado, quedando como segue:

(...)

*IV) Subvencións nominativas.-*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.*

*Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:*

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 135 | 48990 | Asociación Nacional da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil | G49147291 | Seguro de accidentes das persoas voluntarias de Protección Civil | 1 | 1.500,00 |
| 231 | 48990 | Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade | G70443247 | Atención ás persoas do Concello de Rianxo | 1 | 2.500,00 |
| 231 | 48900 | A Creba | G15476310 | Actividade xeral. A subvención calcularase en función das pesoas do Concello de Rianxo atendidas | 1 | 2.000,00 |
| 231 | 48900 | Solidariedade Galega co Pobo Saharaui | G15924558 | Vacacións en Paz | 1 | 1.500,00 |
| 323 | 48990 | Colexio Rural | Q1500341A | Gastos de desprazamento en | 1 | 2.000,00 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Agrupado | | traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares) | | |
| 334 | 48990 | Fundación Rosalía de Castro | G15040850 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 338 | 48900 | Asociación Sociocultural A Moreniña | G15814361 | Organización das festas da Guadalupe (para os conceptos que figuren na solicitude) | 1 | 16.000 € |
| 341 | 48990 | Clube de Remo de Rianxo | G15087208 | Actividade xeral | 1 | 6.600,00 |
| 341 | 48990 | S.D. Araño | G15260425 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Náutico Rianxo | G15289499 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | CD Unión | G15391865 | Actividade xeral<br>Gastos correntes da participación na liga galega feminina (importes pendentes de distribución) | 1 | 7.100,00 |
| 341 | 48990 | CCD Taragoña | G15458417 | Actividade xeral | 1 | 2.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Piragüismo | G15692270 | Actividade xeral | 1 | 4.750,00 |
| 341 | 48990 | Barbanza Rugby Club | G15723521 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | PC Castro Barbudo | G15826027 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | Clube Voleibol Rianxo | G15891682 | Actividade xeral | 1 | 2.250,00 |
| 341 | 48990 | Escudería Rally actividad Competición | G15978273 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 341 | 48990 | Club Xadrez Rianxo | G70141536 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | International Itrekkers Barbanza Sar | G70389838 | Os 100 dos International Trekkers | 1 | 1,500.00 |
| 341 | 48990 | Club Baloncesto Rianxo | G70472527 | Actividade xeral | 1 | 1.250,00 |
| **Total** | | | | | | **58,250.00** |

*(*)*

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 135 | 48990 | Asociación Nacional da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil | G49147291 | Seguro de accidentes das persoas voluntarias de Protección Civil | 1 | 1.500,00 |
| 231 | 48990 | Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade | G70443247 | Atención ás persoas do Concello de Rianxo | 1 | 2.500,00 |
| 231 | 48900 | A Creba | G15476310 | Actividade xeral. A subvención calcularase en función das pesoas do Concello de Rianxo atendidas | 1 | 2.000,00 |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

| PROGRAMA DE GASTO | CONCEPTO | DESCRICIÓN | NIF | FINALIDADE | CF | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 231 | 48900 | Solidariedade Galega co Pobo Saharaui | G15924558 | Vacacións en Paz | 1 | 1.500,00 |
| 323 | 48990 | Colexio Rural Agrupado | Q1500341A | Gastos de desprazamento en traslados dos alumnos do CRA (excursións e similares) | 1 | 2.000,00 |
| 334 | 48990 | Fundación Rosalía de Castro | G15040850 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 338 | 48900 | Asociación Sociocultural A Moreniña | G15814361 | Organización das festas da Guadalupe (para os conceptos que figuren na solicitude) | 1 | 16.000 € |
| 341 | 48990 | Clube de Remo de Rianxo | G15087208 | Actividade xeral | 1 | 6.600,00 |
| 341 | 48990 | S.D. Araño | G15260425 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Náutico Rianxo | G15289499 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | CD Unión | G15391865 | Actividade xeral<br>Gastos correntes da participación na liga galega feminina (importes pendentes de distribución) | 1 | 7.100,00 |
| 341 | 48990 | CCD Taragoña | G15458417 | Actividade xeral | 1 | 2.500,00 |
| 341 | 48990 | Clube Piragüismo | G15692270 | Actividade xeral | 1 | 4.750,00 |
| 341 | 48990 | Barbanza Rugby Club | G15723521 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | PC Castro Barbudo | G15826027 | Actividade xeral | 1 | 600,00 |
| 341 | 48990 | Clube Voleibol Rianxo | G15891682 | Actividade xeral | 1 | 2.250,00 |
| 341 | 48990 | Escudería Rally actividad Competición | G15978273 | Actividade xeral | 1 | 1.000,00 |
| 341 | 48990 | Club Xadrez Rianxo | G70141536 | Actividade xeral | 1 | 1.500,00 |
| 341 | 48990 | International Itrekkers Barbanza Sar | G70389838 | Os 100 dos International Trekkers | 1 | 1,500.00 |
| 341 | 48990 | Club Baloncesto Rianxo | G70472527 | Actividade xeral | 1 | 1.250,00 |
| *433* | *48990* | *Promoción do comercio local* | *G15260979* | *Mantemento de mercarianxo.gal e outras actuacións de dinamización do comercio local* | *1* | *16.000,00* |
| **Total** | | | | | | **74,250.00** |

*(*) No caso de que existan remanentes no mesmo nivel de vinculación xurídica, poderase incrementar nese importe.*

*O coeficiente de financiamento de 1 supón que os gastos a xustificar mediante a presentación de facturas ou outros medios admisibles, de acordo coa normativa aplicable, serán, como mínimo, polo importe da subvención. No caso de percepción doutras subvencións de Administracións Públicas, o importe mínimo a presentar mediante documentos xustificativos será o importe acumulado de todas*

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

*as subvencións, incluíndo a do Concello de Rianxo.*

*En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.*

*Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.*

*En aplicación do principio de eficacia administrativa, a concesión das subvencións directas poderán realizarse mediante unha resolución, sempre que prevea o contido que debería figurar no convenio de acordo coa normativa vixente.*

*Os importes sinalados anteriormente, teñen o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera aprobación das Bases de Execución do orzamento, debéndose cumprir os requisitos previstos na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.*

**SEGUNDO**

Expoñer ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP. En todo caso, a exposición pública tamén se anunciará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

**TERCEIRO**

No suposto de non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación inicial, este considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade dun novo acordo plenario. A súa entrada en vigor farase efectiva a partir da publicación do anuncio da aprobación definitiva das bases de execución, de acordo co artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Non obstante, a eficacia da modificación queda condicionada á entrada en vigor do suplemento de crédito 03/2022, que inclúe a dotación orzamentaria para a axuda proposta.

**CUARTO**

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para continuar coa tramitación do expediente e ao Departamento de Cultura, para o seu coñecemento.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, e 2

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

membros do grupo PP), cero votos en contra e 3 abstencións (dos 2 membros de Rianxo en Común e 1 do grupo ciudadanos) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

**7 IRMANAMENTO ENTRE OS CONCELLOS DE RIANXO E A MUNICIPALIDADE DE BERNASCONI, LA PAMPA, ARGENTINA**

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (Rianxo 29 de xaneiro de 1886 – Buenos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a figura central da historia política e cultural de Galicia da primeira metade do século XX.

Dicir Alfonso Castelao é dicir Irmandades da Fala; Nós; Seminario de Estudos Galegos, Partido Galeguista, IIª República, Referendo de Estatuto de Autonomía, Antifascismo, Solidariedade, Exilio.

A fondura da súa obra artística, diversa e transversal, o seu compromiso coa lingua e cultura de Galicia; o accionar político galeguista, enraizado no máis fondo sentimento humanista, transformador e progresista de amor pola Nosa Terra, mantense e se proxecta de xeito exemplar cara o futuro.

A figura e legado de Alfonso Castelao volve unha e outra vez ao noso presente. En abril do presente ano, foi colocado un cartel na ruta Nacional 154 en Bernasconi, provincia de La Pampa, Arxentina, sinalando e poñendo en valor o sitio onde estivo o almacén "La Cruz Colorada" propiedade de Mariano Rodríguez Dios, e fogar da familia Rodríguez Castelao dende 1896 ao 1900. Neste fogar galego no medio da Pampa naceron Xosefina e Teresa, e Castelao lembra así o seu paso pola Pampa: Aquí deixou o meu pai as pegadas do seu traballo e das súas iniciativas, nunha extensa zona da Pampa Central antes deserta… na primeira vivenda humana que se alzou na Colorada Grande.

… Alí fíxenme mozo, aprendín a traballar; adapteime facilmente á vida libre dos campos abertos. Alí agromou en min ese sentimento irrefreable de liberdade que me fixo pensar no porvir da miña terra.

Coñecedores da importancia que esperta a figura polifacética e referencial de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao para o Concello e pobo de Rianxo, o noso fillo máis ilustre e o conxunto de Galicia e a nosa diáspora arxentina, maila sensibilidade amosada polo Municipio de Bernasconi en salientar a biografía do noso ilustre veciño, propoñemos o Irmanamento co Municipio de Bernasconi co fin de afondar e estreitar lazos entre os dous concellos ou municipalidades vinculadas pola infancia do ilustre rianxeiro.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

Por todo isto sométese o Pleno do Concello de Rianxo a votación dos seguintes ACORDOS

1. Aprobar o irmanamento entre a municipalidade de Bernasconi (La Pampa-Arxentina) e o Concello de Rianxo co fin de apoiar o coñecemento mutuo e a homenaxe ao rianxeiro máis universal como e Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

2. Facultar á Alcaldía para realizar as xestións oportunas para favorecer esta sinatura oficial e propoñer un programa de actos de difusión desta proposta entre as sociedades arxentina e galega.

3. Dar conta deste Acordo á municipalidade de Bernasconi.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Aprobar o irmanamento entre a municipalidade de Bernasconi (La Pampa-Arxentina) e o Concello de Rianxo co fin de apoiar o coñecemento mutuo e a homenaxe ao rianxeiro máis universal como e Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

2. Facultar á Alcaldía para realizar as xestións oportunas para favorecer esta sinatura oficial e propoñer un programa de actos de difusión desta proposta entre as sociedades arxentina e galega.

3. Dar conta deste Acordo á municipalidade de Bernasconi.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 8 PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIANXO DE APOIO

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

**A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA**

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Para facer fronte a esta situación, o Concello de Rianxo ACORDA:

**1. Apoiar a iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:**

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.
- lncrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc. Para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospítais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

atención á dependencia.

Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

2. Acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía deciden todos os grupos que sea conxunta  a comisión acorda por unanimidade dos 7 membros presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

**1. Apoiar a iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e po**líticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.
- incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc. Para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

2. Acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

**9 MOCIÓN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Dáse lectura da proposta presentada:

Ao Pleno do Concello de Rianxo Julián Bustelo Abuín, en calidade de Voceiro do Grupo Municipal de Rianxo en Común no Concello de Rianxo e ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte MOCIÓN en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2021 os Grupos do Goberno, PSOE e BNG, xunto co Partido Popular, aprobaron a modificación da Ordenanza fiscal número 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Sinalábase que:

"Vista a necesidade de proceder a modificar dita ordenanza, debido á vontade desta corporación de incrementar lixeiramente o coeficiente regulado no artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais quedando fixado no 1,59075 para determinados turismos de 16 ou mais CC e motocicletas de 500 cc ou mais, e no 1,48911 para o resto de vehículos. Dito coeficiente é aínda moi inferior ao máximo permitido pola normativa: 2."

En contra do mandato dos tempos, e mesmo en contravención cos obxectivos recollidos no Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do propio Concello de Rianxo, non se introduciron bonificacións en relación aos vehículos e baixas ou nulas emisións.

Así pois, dende Rianxo en Común, propoñémoslle ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Estudar a modificación do artigo cuarto da Ordenanza fiscal número 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica nos seguintes termos:

"Artigo cuarto

1. Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos de acordo co establecido no Capítulo I do Regulamento de Vehículos Históricos, aprobado polo Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, e coa Orde de 17 de xuño de 1996 pola que se establecen os requisitos para a acreditación de laboratorios oficiais de vehículos históricos e a catalogación dos ditos vehículos, así como aqueles que teñan unha antigüidade igual ou superior a vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2. En función das características dos motores, a clase de combustible que consuma e o vehículo e

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

a incidencia da combustión no medio ambiente, establécense as seguintes bonificacións:

| Características motor | Bonificación | Período bonificación |
|---|---|---|
| Vehículos híbridos (motor 75%eléctrico - gasolina, eléctrico - diesel,eléctrico-gas) homologados de fábrica,incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes | 75% | 6 (seis) anos naturais dende a súa primeira matriculación. |
| Vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. | 75% | Sen data de finalización. |
| Híbridos enchufables con etiqueta cero emitida pola DGT. | 75% | 10 (dez) anos naturais dende a súa primeira matriculación. |

3. Para o desfrute desta bonificación, o titular do vehículo instará a súa concesión mediante solicitude en modelo normalizado, achegando a seguinte documentación:

- DNI do interesado
- Permiso de circulación do vehículo
- Ficha técnica do vehículo
- Documentación acreditativa do cumprimento das características recollidas nos puntos 1 e 2.

4. A bonificación, unha vez declarada polo concello, producirá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa solicitude.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a Moción do grupo municipal de Rianxo en Común, a Comisión Informativa acorda con 1 voto a favor do membro de Rianxo en Común, cero votos en contra e 6 abstencións (2 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo PSOE ,1 membro do grupo PP e 1 membro do grupo ciudadanos) dos 7 membros presentes dos 9 que legalmente constitúen a Comisión Informativa, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal a moción Presentada

CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 2 votos a favor (2 membros de Rianxo en Común) , 10 votos en contra (e 5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 1 do grupo ciudadanos) 2 abstencións (dos 2 membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA**

## 10 MOCIÓN RELATIVA Á POSTA EN ALUGUEIRO DOS LOCAIS MUNICIPAIS BALEIROS

Dáse lectura da proposta presentada:

Expediente de orixe:2022/G006/000296

Ao Pleno do Concello de Rianxo Julián Bustelo Abuín, en calidade de Voceiro do no Concello de Rianxo e ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte MOCIÓN en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación de emprego e o apoio ao comercio de proximidade foi, e segue sendo, un dos principais eixos de traballo do Grupo Municipal de Rianxo en Común dende o 2015. E é que, tal e como amosan os indicadores, nos últimos anos o noso municipio perdeu un número de comercios alarmante.

Co obxectivo de tratar de atallar esta situación, fai uns meses presentamos unha moción coa finalidade de, entre outras cousas, crear unha bolsa pública de baixos baleiros de tal xeito que o Concello xestionara o aluguer dos locais incluídos na mesma, a prezos adsequibles, mediante a difusión dos mesmos entre as persoas potencialmente interesadas en darlle un uso. A cambio, os propietarios dos baixos baleiros que se incluíran voluntariamente na dita bolsa, recibirían bonificacións na taxas e impostos municipais.

Os grupos do goberno, PSOE e BNG, votaron en contra da proposta e, en consecuencia, non saíu adiante. Escoitamos os argumentos postos encima da mesas por ambos grupos e, co animo de buscar un mellor consenso e atallar as dubidas prantexadas daquelas, aínda que mantendo sentido da proposta anteriormente formulada, propoñémoslle ao

Pleno da Corporación rianxeira o que a continuación se detalla.

Propoñemos que se facilite o acceso aos locais de titularidade municipal que se atopen en desuso a autónomos e pequenas empresas que queiran desenvolver a súa actividade económica e que previamente formulen unha petición acompañada dun pequeno proxecto, para que poida ser

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

avaliado por unha comisión creada a tal fin en base a uns criterios e un regulamento que deberemos elaborar e aprobar, de ser o caso.

A tal fin, o Grupo Municipal proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Elaboración dun inventarios dos locais de titularidade municipal, indicando se están sendo empregados con algunha finalidade ou se atopan en desuso.

2. Constitución dunha comisión municipal coa finalidade de redactar o regulamento para a posta en aluguer dos locais e a súa posterior adxudicación

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 1 voto a favor do membro do grupo Rianxo en Común, cero votos en contra e seis abstencións (dos 2 membros do grupo BNG, 2 membros do PSOE, 1 membro do PP e 1 membro de Ciudadanos) dos 7 membros presentes dos 9 que legalmente constitúen a Comisión Informativa, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal a moción Presentada

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 2 votos a favor (2 membros de Rianxo en Común) , 10 votos en contra (e 5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 1 do grupo ciudadanos) 2 abstencións (dos 2 membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA**

## 11 MOCIÓN RELATIVA A NOMEAR A D. XESÚS COSTA RODIL FILLO ADOPTIVO DE RIANXO

Dáse lectura da proposta presentada:

Ao Pleno do Concello de Rianxo

Julián Bustelo Abuín, en calidade de Voceiro do Grupo Municipal de Rianxo en Común no Concello de Rianxo e ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte MOCIÓN en base á seguinte:

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Rianxo
Concello

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Don Xesús – Donxe para aqueles que tivemos a sorte de asistir ás súas clases no IES Félix Muriel – naceu en Cervo no 1944, se ben estivo máis de corenta anos vivindo e ensinando no noso municipio, o cal foi tamén obxecto de gran parte da súa labor investigadora, tal e como mostran títulos tan fundamentais para o coñecemento da historia local como “Rianxo no Antigo Réxime: economía e sociedade nunha vila mariñeira do señorío Arcebispal de Santiago”, publicado no 2001.

Se ben, boa parte da súa obra, así como da súa vida, adicouna ao estudo da historia contemporánea rianxeira, así como á recuperación da memoria histórica e a dignificación das vítimas da represión franquista no noso territorio, especialmente daquelas que padeceron a crueldade fascista no campo de concentración construído no 1937 na nosa vila.

Ademais de por toda esta labor, Don Xesús está presente no recordo dos rianxeiros e rianxeiras pola súa xenerosidade, bondade e amabilidade como docente. Unha vocación e vontade de servizo público que o fixo merecedor do respecto e cariño de varias xeracións de veciños e veciñas.Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción do seguinte acordo:

1. Nomear a Don Xesús Costa Rodil Fillo Adoptivo de Rianxo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión extraordinaria urxente do dia 20/10/2022.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta, a Comisión Informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 membros que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Nomear a Don Xesús Costa Rodil Fillo Adoptivo de Rianxo.

O voceiro do grupo municipal BNG, sinala unha emenda engadindo un 2º punto no acordo:

2º A Promoción dun acto público de homenaxe e divulgar este acordo

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa emenda sinalada, quedando o seguinte acordo:

1º Nomear a Don Xesús Costa Rodil Fillo Adoptivo de Rianxo.

2º A Promoción dun acto público de homenaxe e divulgar este acordo

**PARTE DE CONTROL**

**12 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2022 ata o 30/09/2022, que comprenden os números 700/2022 ao 792/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

**O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 13 da Sesión ordinaria do día 01/09/2022
- Acta nº 14 da Sesión extraordinaria do día 29/09/2022

**O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

**13 ROGOS E PREGUNTAS**

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000012 e identificado pola pegada dixital:

**94190c5f6c8004932cb65dfa52d70a34feb7fd87ea62fa6e6b140551f77109d8**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
**Tfno.** 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo**.gal** concelloderianxo**.gal**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**https://www.youtube.com/watch?v=4S1xZGs77to**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo https://sede.concelloderianxo.gal (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).


CVD: EefR+PzXMVeKfaMeOz7P
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.